

Factores que inciden no proceso de desgaleguización dos inmigrantes galegos en Buenos Aires

Factors that Make Up the Process of “Desgaleguización” of the Galician Immigrants in Buenos Aires

Xosé SOTO ANDIÓN

Universidade de Santiago de Compostela
xosesoto@yahoo.es

RESUMO

Neste artigo prestamos atención a algúns dos diversos factores que determinan o proceso de desgaleguización dos inmigrantes galegos en Buenos Aires. A partir de aquí son abordadas cuestións como as seguintes: a situación social e o conflito lingüístico na Galicia que abandonan os emigrantes, o fenómeno da migración como tal, o sentimento de identificación co país de orixe e coa lingua, o contorno sociolaboral do inmigrante, o distanciamento e a adaptación ao novo medio, o contacto e a interferencia de linguas na diáspora.

PALABRAS CHAVE: Emigrante, país de orixe, país de destino, lingua, identidade, conflito.

SOTO ANDIÓN, X. (2004): «Factores que inciden no proceso de desgaleguización dos inmigrantes galegos en Buenos Aires». *Madrygal (Madr.)*. 7: 103-112.

RESUMEN

En este artículo prestamos atención a algunos de los diversos factores que determinan el proceso de desgaleguización de los inmigrantes gallegos en Buenos Aires. A partir de aquí son abordadas cuestiones como las siguientes: la situación social y el conflicto lingüístico en la Galicia que abandonan los emigrantes, el fenómeno de la migración como tal, el sentimiento de identificación con el país de origen y con la lengua, el entorno sociolaboral del inmigrante, el distanciamiento y la adaptación al nuevo medio, el contacto e interferencia de lenguas en la diáspora.

PALABRAS CLAVE: Emigrante, país de origen, país de destino, lengua, identidad conflicto.

SOTO ANDIÓN, X. (2004): «Factores que inciden en el proceso de desgaleguización de los inmigrantes gallegos en Buenos Aires». *Madrygal (Madr.)*. 7: 103-112.

ABSTRACT

In this paper we look at the diverse factors that make up the process of desgaleguización of Galician immigrants in Buenos Aires. From this point the following questions are addressed: the situation in society and the linguistic conflict in the Galicia the emigrants had abandoned, the phenomena of migration as such, the feeling of identification with the country and the language of origin. The social-work status of the immigrant, the distancing and adaptation to the new environment, the contact and interference between two languages in the diaspora.

KEY WORDS: Emigrant, country of origin, hosting country, language, identity, conflict.

SOTO ANDIÓN, X. (2004): «Factors that make up the process of *desgaleguización* of the Galician immigrants in Buenos Aires». *Madrygal (Madr.)*. 7: 103-112.

SUMARIO: 0. Introducción. 1. Situación social e conflito lingüístico na Galicia que abandonan os emigrantes. 2. O contacto de linguas na diáspora. 3. Factores que inciden no proceso de desgaleguización. 4. Conclusión. 5. Referencias bibliográficas.

0. INTRODUCCIÓN

O fenómeno da migración supón o encontro entre dúas sociedades, como son a colectividade migrante e os nativos do país receptor, dando lugar a unha serie de novas identidades, vivencias e realidades. A lingua, como vehículo de comunicación e como símbolo de identidade cultural, vese afectada por estes contactos e conflitos culturais (Fontanella de Weinberg, 1996; Gugenberger & Soto).

O caso dos emigrantes galegos, que no transcurso das décadas 1940-1960 tiveron como un dos principais lugares de destino Buenos Aires —urbe na que residiron máis galegos ca en calquera cidade de Galicia—, foi un dos que menos atención ten recibido dende o punto de vista lingüístico, por iso a seguinte investigación se vai centrar nesta cuestión, tomando como base un estudo empírico de quince entrevistas, que constitúen un total de vinte horas de gravación, realizadas na capital argentina a galegos e fillos de galegos. A elas hai que engadir diversas notas recollidas de inmigrantes retornados.

1. SITUACIÓN SOCIAL E CONFLITO LINGÜÍSTICO NA GALICIA QUE ABANDONAN OS EMIGRANTES

O contexto social no que se atopaban inmersos os galegos antes de saíren de Galicia é un claro exemplo de conflito lingüístico con diglosia. Os anos da posguerra trouxeron para o país unha situación de represión cultural e lingüística. Co goberno franquista ábrese un período de silencio para todo tipo de institucións, revistas e editoriais de signo galeguista, quedando a lingua galega marxinada e restrinxida aos usos orais inmediatos: na casa, cos amigos, no folclore..., recomendándose o emprego do castelán como sinal de ben falar.

O estado de coacción e opresión lingüística contribúe a acrecentar nas xentes de Galicia toda unha serie de prexuízos cara á súa propia fala así coma un desprezo visceral cara ao seu país. A res-

pecto disto coméntannos o seguinte algúns informantes galegos que emigraron:

moitas veces os galegos que falaban galego era ser atrasado e ser ignorante, non saber nada, e moita xente quedouse con eso.

O gallego está ben así por entre nós, pero a lingua oficial debe se-lo castellano.

A repulsa do «propio» viaxa a Buenos Aires nas maletas dos galegos, agás nas dos intelectuais exiliados que defendían a causa. A situación diglósica vese confirmada ben ás claras polas palabras dun inmigrante concienciado que entrevistamos:

...foran amoldados a unha escola na que o galego era un dos problemas endémicos rexionais que había que acabar con el, había que rematar cunha cousa de mal falar. Eu no Centro Galego, ao que facía o meu traballo médico, para falar galego cos enfermos tiña que empezar falando castelán porque se non pensaban que te burlabas deles, pensaban «quen é este que pensa que eu non sei falar castelán».

Porén, a intransixencia lingüística en Galicia parece que foi máis cativa ca noutros puntos de España coma Euskadi e Cataluña, pois en Galicia a incompetencia para falar castelán estaba máis estendida entre a poboación, ademais a súa significación nacionalista era menor, de aí que as autoridades fosen algo máis permisivas co uso do galego a nivel privado (Mariño, 1998: 415).

Podemos concluír este apartado afirmando que os emigrantes galegos saíron para o exterior cunha conciencia predeterminada para o uso do castelán, emigraron máis como españois ca como galegos, o que significa que o proceso de asimilación lingüística xa tiña comezado en Galicia e non na Arxentina.

2. O CONTACTO DE LINGUAS NA DIÁSPORA

No país de destino, o grupo predominante é o grupo autóctono, ao que se incorpora outro novo chegado do exterior. Esta situación, en principio,

tende a orixinar un conflito lingüístico (Nelde, 1996), que no caso dos galegos apenas se deu pola vontade de se asimilaren á sociedade na que se establecen. A coexistencia do grupo autóctono coa colectividade inmigrante pode orixinar diferentes situacións:

- a) Asimilación do grupo inmigrado ao autóctono.
- b) Integración dos inmigrados na sociedade receptora, pero conservando as características propias.
- c) Separación de ámbolos dous en condicións desfavorábeis para os inmigrantes.
- d) Exclusión ou marxinação do grupo inmigrante.

No caso dos inmigrantes galegos de Buenos Aires acontece, dende o punto de vista lingüístico, a primeira das situacións; se ben a nivel social, a asimilación ao grupo autóctono non foi total por se produciren moitos casos de marxinação do inmigrante, nomeadamente no eido laboral, e por conservaren algunhas características e costumes de seu canto a comidas, relixiosidade, festas, certos hábitos, creación de asociacións, etc.

Seguindo esta liña, Fishman (1991) propón coa denominación de *Graded Intergenerational Disruption Scale* unha gradación de etapas polas que poden atravesar as linguas minorizadas en proceso de recuperación, que en xeral tamén se aplica ás que están en retroceso. Esta escala consta de oito niveis de perda ou mantemento dunha lingua por parte dunha comunidade lingüística: o nivel 8 sería o de máximo abandono da lingua, só os máis vellos a utilizan e a xente nova non a aprende; o nivel 7 implica que aprenden a lingua só algúns novos e emprégana ocasionalmente, polo que segue en perigo de extinción; no nivel 6 os novos aprenden a lingua dos pais e a comunidade utilízaa en diversas actividades asociativas, agora a desaparición da lingua poderíase evitar; no nivel 5 ten lugar algún ensino da lingua, aínda que só sexa en centros da propia colectividade; no nivel 4 a lingua pode ser medio de ensino; no nivel 3 a lingua utilízase para as relacións de traballo e comerciais; no nivel 2 a lingua está presente nos medios de comunicación e ten usos institucionais; no nivel 1 a lingua emprégase en todo tipo de actividades, nunhas condicións similares ás do idioma da comunidade autóctona. A partir de aquí podemos inferir que a fala dos inmigrantes galegos de Buenos Aires se sitúa nos niveis 7, 8, é dicir, só

algúns inmigrantes vellos a utilizan nas relacións familiares, con algúns parentes e amigos, e uns poucos novos, moi contados, apréndena para descubriren as súas raíces.

3. FACTORES QUE INCIDEN NO PROCESO DE DESGAIEGUIZACIÓN

Estes factores poden ser de dous tipos: factores externos, fundamentalmente de carácter socioeconómico, e factores internos, sobre todo de tipo psicolóxico. Na maioría dos casos ámbolos dous están interrelacionados e pódense condicionar mutuamente.

3.1. O FENÓMENO DA MIGRACION COMO TAL

Emigrar significa deixar atrás o país en que se nace e en que se foi educado para dirixirse a un novo destino, máis favorábel economicamente e con meirandes posibilidades de desenvolvemento persoal. Boa parte dos inmigrantes galegos de Buenos Aires considera a emigración «algo horrendo», o que significa que se emigra preferentemente por necesidades económicas e vitais máis ca por afán de aventura. Este proceso afecta á lingua na medida en que o individuo chega a un contorno social descoñecido, cun idioma distinto do propio, o que supón a adquisición de novas relacións persoais e a adaptación á realidade lingüística do país receptor para ser aceptado socialmente.

3.1.1. Como resultado do proceso migratorio xorden os sentimentos de incertidume e inqueda

En bastantes casos o individuo ignoraba ou sabía moi pouco do lugar ao que se dirixía. Algunhas persoas recibían cartas de familiares ou falaban con algún parente retornado que lles contaba cousas, porén o descoñecemento do país de acollida era grande. Isto crea incertidume, inqueda e angustia na persoa, ás veces tamén confusión e ausencia de claridade de ideas polo medo ao ignoto. Neste sentido, comenta un informante: *viñemos confundidos, a xente viña confundida*.

Algo parecido ocorre na actualidade cos inmigrantes retornados, que despois de estaren a meirande parte da súa vida fóra, o regreso prodúcelles angustia e incertidume por se atoparen cun país

cambiado, sen amigos –case todos faleceron- e con dificultades para atopar un sitio no mundo laboral. Esta incertidume, causada pola saída do país de orixe e polo descoñecemento do lugar de destino, provoca dúbidas en relación coa utilidade e conveniencia de uso do idioma propio no país receptor –máxime cando ese idioma é xa unha lingua asoballada no mesmo lugar de procedencia-, creando prexuízos psicolóxicos nos seus falantes.

3.2. A POUCA IDENTIFICACIÓN CO PAÍS E COA LINGUA

Cando alguén emigra prescinde en boa medida dunha parte do propio ser, neste caso do ser galego. A desaparición dunha compoñente da propia identidade aféctalle á lingua en canto elemento que axuda a conformar a identidade global do individuo (Liebkind, 1999). Esta perda da identidade contribúe á substitución da lingua propia pola do país receptor.

3.2.1. O escaso sentimento de identidade galega

A meirande parte dos emigrantes daqueles anos, agás os intelectuais, case renegaban de ser galegos e cando se lles preguntaba de onde procedían, moitos contestaban que «de España», se a pregunta insistía para pescudar de que zona, respondían que «del norte», poucas veces dicían de Galicia. Identificarse con Galicia naquel momento connotaba para eles atraso, miseria, pobreza e vergoña, por tanto non se compracían de ser membros dunha comunidade que os forzaba a preparar as maletas.

3.2.2. Os prexuízos verbo do lugar de procedencia e da lingua materna

A crise de posguerra na Galicia daqueles anos, o réxime ditatorial que afoga as linguas minorizadas e a pouca escolarización da poboación determinaron o atraso cultural e económico da sociedade galega. Isto provoca sentimentos de rexeitamento e

prexuízos na mente dos individuos, que renegan do país e non se identifican coa terra por non producir abastanza, así que foxen dela física e ás veces espiritualmente. Moitos galegos descoñecían que Galicia era unha nacionalidade histórica, cunha lingua e cunha cultura de seu¹, así que non lles falaban dela aos fillos e se o facían transmitíanlles un sentimento de desgracia e frustración, unha imaxe de pobreza e folclorismo que ía parella a un paulatino abandono da lingua por parte deles e mais dos seus descendentes. Os inmigrantes galegos carecían do que Weinreich denominaba lealdade lingüística, é dicir, o esforzo por ser quen de usar a lingua materna en tódalas situacións.

Á hora de valorar a lingua propia danse na conciencia do inmigrante sentimentos contrapostos. Dunha banda, aparece o idioma como elemento que individualiza unha cultura, que reflite unha determinada visión do mundo cun sistema de valores implícito, algo que discrimina ao individuo como membro dun grupo fronte aos outros; deste modo son frecuentes os empregos da lingua propia para saudarse con algúns membros da colectividade, para facer bromas e chistes, e ás veces para usar na casa co cónxuxe e mais coa familia. Doutra banda, están os complexos e os prexuízos derivados dunha concepción interiorizada de ser ignorantes e de proceder dun país atrasado, que supoñen unha pexa para o emprego da lingua materna.

3.3. A CONDICIÓ SOCIAL DO INMIGRANTE E A ARELA DE MELLORA SOCIOLABORAL

A grande maioría dos galegos que emigraba procedía de estratos socioeconómicos humildes, carecía de formación e de influencias para situarse en bos postos no lugar de destino, por tanto os labores aos que podía acceder tiñan unha estima social baixa: porteiros, camareiros, mucamas, lavandeiras... (Núñez Seixas, 2001). Establécese unha relación entre o prestixio das linguas en contacto e o estatus social de cada un dos individuos ou dos grupos que as utilizan, xerándose unha dobre consideración social dos galegos, con connotacións positivas e negativas. Entre as primeiras figuran

¹ A maioría case non prestaba atención ao pasado recente nin aos feitos contemporáneos de índole cultural, de aí que apenas tivesen noticia dos intelectuais e exiliados galeguistas que coma eles, aínda que por outras causas, tiveron que fuxir da terra. Mesmo hoxe hai inmigrantes da xeración vella que confunden o busto de Castelao, sito no Centro Gallego de Buenos Aires, coa figura dalgún santo canonizado pola igrexa.

estereotipos e cualificativos coma os seguintes: persoas honradas, traballadores, emprendedores, buscavidas, aforradores, brillantes. Entre as negativas atopámonos coa imaxe do galego como persoa bruta, paleta, obxecto de chistes —de onde derivaron os coñecidos «chistes de galegos» que buscan a hilaridade ridiculizando os membros desta colectividade—, rudo, acomplexado... As connotacións negativas tiveron moita influencia na escasa autoestima dos galegos inmigrantes e por tanto na lingua propia do lugar de procedencia.

A partir de aquí o inmigrante procura a integración na sociedade receptora, o que implicaba en moitos casos obter a dobre nacionalidade coa adquisición da cidadanía arxentina (un procedemento que se dá á inversa nos nosos días con algúns fillos e netos destes emigrantes), assimilar certos costumes, comportamentos, códigos morais e sistemas de valores. Paralelamente, para acadar a plena integración e ascender social e profesionalmente nunha grande cidade como Buenos Aires, o inmigrante abandona a lingua propia e adopta a da sociedade receptora, precisa realizar unha «transfert linguistique vers la langue dominante des grandes centres urbains» (Labrie, 2002: 21). A lingua convértese así nun instrumento de inserción social (Castelloti & Robillard, 2001: 5-16) e o galego nun idioma de pouca vitalidade lingüística. O inmigrante pasará a utilizar o español no eido das relacións sociais: cun taxista, cun dependente de tenda, co empregado dun banco, cun camareiro nun café, cun profesional liberal..., así coma no seu ámbito profesional e nas actividades máis formais: en reunións, cos superiores e cos subordinados no traballo, cos clientes en calquera negocio, etc.

3.4. A DISTANCIA, O PASO DO TEMPO E A ADAPTACIÓN AO NOVO MEDIO

A distancia e o afastamento da terra dificultan as posibilidades de retorno e favorecen a necesidade de integración no país receptor. O inmigrante comeza unha nova vida instalándose nun país distinto do seu e tendo fillos que, neste caso, xa son arxentinos. Agora parece doado esquecer a vida anterior e tamén a lingua. Mais esta realidade do esquecemento polo factor distancia produce en ocasións o efecto inverso, isto é, unha meirande lembranza da terra que se troca en saudade ou morriña, un sentimento doloroso derivado do arreda-

mento (Cabaleiro Goás, 1997; Gugenberger, 2000), pois a pesar de que se pretende deixar atrás a vida anterior bótase de menos o lugar de procedencia e idealízase lamentando a separación obrigada del. O paso do tempo e a distancia orixinan a través da morriña unha certa reafirmación do ser galego e das orixes. O inmigrante lembra con tristura as raíces e desexa voltar. Desta maneira vaise dando no seu ser un proceso dinámico de reaproximación ao código primario, de recoñecerse nel, aínda que non a un nivel tal que permita pensar nunha revitalización; trátase de querer escoitar galego, aínda que non se practique. A lingua adquire un valor sentimental e chégase a unha galeguidade simbólica a través da lembranza (Gans, 1979; Edwards, 1994), de aí que a algúns lles agrade tanto ver a televisión galega, escoitar a radio pública de Galicia, inscribirse en cursos de galego ou asistir a encontros, conferencias, etc., en que participan persoas procedentes de Galicia.

3.4.1. O ámbito familiar

Do mesmo xeito que se desenvolve un proceso de adaptación externo —social e laboral—, pódese desencadear un proceso de adaptación interno no seo da propia familia, tanto cos fillos coma co cónxuxe a través do matrimonio².

Cos fillos, os galegos inmigrantes exprésanse case sempre en castelán, como xa indicamos brevemente arriba, o que significa que a lingua do país de orixe non se transmite á xeración seguinte, que sofre un importante recorte nas súas competencias lingüísticas, minguando o seu interese pola lingua materna dos proxenitores.

Cos pais, o inmigrante mantén en moitos casos a conversa en galego cando son maiores. Con parentes e amigos moi achegados pode falar galego ou castelán, ás veces a utilización dunha ou doutra lingua depende do grao de confianza e do tema de conversa. Na escrita de cartas a familiares a lingua empregada é o castelán.

Dentro do matrimonio resulta frecuente a preferencia de ámbolos dous inmigrantes polo castelán, mais noutras familias os cónxuxes manteñen entre si a lingua do lugar de orixe ou van alternando ao chou ámbalas dúas. Os matrimonios entre un inmigrante e un membro do país de destino danse sobre todo entre varóns e nativas do país (na colectividade de galega é común a exogamia) presentando ás ve-

² Acontece algo parecido en moitas comunidades de emigrantes de Europa (Boutet, 2001; Leconte, 1997).

ces un dobre efecto na lingua. Por unha banda, é o foráneo quen abandona a súa fala a prol da do cónxuxe nativo, no caso que nos ocupa isto tradúcese na substitución do galego polo español riopratense. Resulta ser o fenómeno máis habitual; a algúns individuos agrádalles que o cónxuxe teña o que se chama «outro acento», así que ten lugar un proceso de asimilación por innovación, mediante o que o inmigrante con prexuízos renuncia á lingua propia en favor doutra que lle parece novidosa. Noutras ocasións e con moita menos frecuencia, o que se desenvolve é un proceso de galeguización, que é total a nivel de comprensión oral polas similitudes entre as dúas linguas e parcial a nivel de produción oral, é dicir, o/a cónxuxe de Arxentina dunha maneira activa ou pasiva acaba asimilando certas palabras, expresións, frases da lingua do inmigrante ou mesmo adquirindo certa competencia lingüística nela. Este proceso dáse non por obriga senón por satisfacer unha curiosidade, por recoñecemento mutuo e por achegamento á procedencia do outro.

3.5. O CONTACTO E A INTERFERENCIA ENTRE DOUS SISTEMAS PRÓXIMOS

A pesar de que existen distintas situacións de linguas en contacto (Siguán, 2001: 224), a nivel xeral pódese soste que cando dúas culturas conviven, entre as súas respectivas linguas prodúcense diferentes tipos de transferencias. Thomason e Kaufmann (1991: 37 e ss.) falan de préstamo («borrowing»), en oposición a interferencia («interference»), para se referiren á incorporación de trazos externos na lingua nativa. Os primeiros elementos externos que se van introducir son palabras, elementos léxicos. Este suposto refórzase nas situacións diglósicas, cando os falantes da lingua estigmatizada integran palabras da lingua dominante no seu discurso como un signo de prestixio, e non só aqueles termos que a súa lingua non posúe senón tamén aqueloutros que a lingua propia pode ter. Se o contacto entre dous sistemas lingüísticos dura moito tempo, como é o caso de galego e castelán, que conviven dende hai séculos, a influencia da lingua dominante acábase manifestando tamén nos niveis morfolóxico e sintáctico.

Convén recordar que os inmigrantes galegos son moitos deles bilingües, pero o dominio do castelán que traen do país de orixe resulta moi cativo. Este limitado coñecemento do castelán, que obedece á falla de escola, vaise acentuando coa estancia prolongada nun país afastado do deles e coa adaptación ao novo medio.

O que acabamos de sinalar favorece unha mestura de códigos, «code-mixing» (Muysken, 2000: 250-278), que deriva nunha forte interferencia do castelán, a lingua do grupo dominante, no galego dos inmigrantes, acentuando xunto a outros factores o desprazamento do galego.

3.5.1. As interferencias entre os dous códigos poden ser de tipo ortográfico, patentes na escrita, neste caso nas cartas que os inmigrantes enviaban aos seus familiares

3.5.2. Tamén se producen nos planos prosódico e fonético: atópanse exemplos de seseo apical, aspiracións e lleísmo en inmigrantes que ás veces non posúen estes trazos nos seus respectivos lugares de procedencia, cambios de acentuación nas palabras (vgr. *marchate*, *deixate*), variación na entoación das frases, etc

3.5.3. As interferencias no plano léxico aprécianse tanto no léxico nominal coma no verbal

No primeiro caso, hai que sinalar certos termos do castelán que suplantaron totalmente palabras galegas na fala común dos inmigrantes. A maioría deles escóitanse no galego europeo, neste sentido son interferencias que poden proceder de Galicia. Algúns dos castelanismos plenos máis destacados nos nosos entrevistados son: *izquierda*, *escuela*, *calle*, *amplia*, *personas*, *empleado*, *ayuntamiento*, *Dios*, *buenísimo*, *maestra*, *muestras*, *testimonios*, *ejemplo*, *novio*, *ciudadana*, *abuelos*, *vejez*, *alquiler*, *hermoso*, *anillos*, *fuegos*, *cochinillo*, *reina*, *iglesia*, *lunes*, *viernes*, *sirenas*, *pueblos*, *apasionado*, *pérdida*, *pasión*, *suegra*, *gobierno*...

Outros termos empréganse na fala dos inmigrantes galegos de Buenos Aires con significados diferentes aos do galego peninsular, sendo característicos do español riopratense:

Departamento é usado por *apartamento* (vgr. «o departamento é noso, pero os gastos generales teño que pagar...»)

No canto de *diñeiro* ou *cartos* aparece o substantivo *plata* (vgr. «tiña que poñer plata encima...»)

En lugar de *carné* de *identidade* emprégase *cédula de identidad* (vgr. «entonces non podíamos sacar cédula de identidad»).

Colectivo designa o que en Galicia é un autobús. *Micro* úsase para denominar os autobuses de

longo percorrido e *subte* é o nome que recibe o metro.

O adxectivo *mermado* non se utiliza co significado de *reducido* senón co significado de *cheo*, *repleto*, *ateigado* (vgr. «a gastronomía xa é sabido que aínda hoxe está mermado de galegos. A hotelería tamén»).

O termo *bronca* aparece na expresión «terlle bronca a alguén», co significado de rabia, envexa.

Son moi utilizadas formas como *lindo*, *bravo*, *bárbaro*, *feo* por presión da fala arxentina que se serve delas moi a miúdo (vgr. «sí, pero por unha parte é lindo e por outra é feo; Pero acá houbo tempo que había moito traballo e era lindo, pero despois foi bravo; o festival de fin de ano é algo bárbaro»). Tamén *loco* como apelativo cariñoso para se dirixir ó interlocutor (vgr. «non lle fagás caso, loco»). Por último é bastante frecuente o uso do prefixo *re-* para intensificar aquilo que se pretende transmitir (vgr. *re-careta*³).

Dentro do léxico verbal aparecen moitas formas do castelán en tódolos informantes: *conocer*, *enseñaban*, *salíu*, *cumplindo*, *luchen*, *acostumbrar*, *leer*, *empleeime*, *nombra*, *tendrían*, *agilizarse*, *elegiase*, *podríase*, *reirse*, *guardar*...

Alcanzar utilízase co significado de *chegar*, *bastar* e máis co significado de *levar a alguén á casa*:

pró trasplante alcanzounos a nós.

se vas nesa dirección pódote alcanzar eu á casa que vivo por alí.

A forma *recibir* alén do seu significado común ten outro máis concreto que é *remata-la carreira* (vgr. «a miña filla para o ano recíbese de bioquímica»).

Agarrar é a forma utilizada en lugar de *coller*, que posúe connotacións sexuais (vgr. «agarrar un taxi»).

3.5.4. As interferencias no plano morfolóxico reflíctense en diversas categorías. Desta maneira, destacamos dentro do nome cruzamentos de xénero co castelán (vgr. o viaxe, un linguaxe, o seu orixen, ó marxen, unha costume, as costumbres. Este tipo de interferencia lingüística xa se documenta no galego peninsular

Nos pronomes aparecen resultados para a segunda persoa que son *ti/tu*. Como forma de cortesía

úsase *usté/ustedes*, nunca *vostede*. A forma de terceira persoa *eles*, presenta nalgúns informantes nados en Ourense a variante dialectal *iles* e, máis ocasionalmente, a solución reducida do castelán *elos*.

As formas do demostrativo mostran resultados que obedecen á presión do castelán e que xa o inmigrante puido levar de Galicia (vgr. «nistos lugares, nestos, desos»). Igualmente resulta frecuente servirse da forma *este* como partícula de apoio ao falar e máis como breve pausa entre dous enunciados, namentres se mantén a atención do receptor e namentres o emisor busca as palabras axeitadas. É algo moi característico do castelán arxentino e do castelán de latinoamérica:

pero, este..., non recordo se foi na calle Moreno ou nunha desas calles, eiquí por ao redor, este..., aí mercouse, diríamos, a segunda casa.

O relativo *quen* atopámolo nun informante con variación de número, por cruzamento co castelán, alternando coa solución invariábel propia do galego (vgr. «non tiñan conciencia de quenes eran»). Ocasionalmente rexístrase a solución do castelán *cuyos* (vgr. «cuyos membros serán dous»). Estas interferencias obsérvanse tamén en Galicia.

No verbo distinguimos diferentes tipos de fenómenos. Dentro dos verbos regulares documéntanse radicais plenos (vgr. «cree»), regularizacións da vogal radical na segunda, terceira e sexta persoa do presente de indicativo (vgr. «sigue, consigue, sinte»), e peches da vogal da raíz (vgr. «concorre»).

Nos verbos irregulares destacamos, entre outros fenómenos, os seguintes: unha alternancia de vogais radicais no infinitivo de *decir/dicir* e no copretérito *decía/dicía*. A raíz *dec-* é a máis empregada na fala dos inmigrantes.

O presente de subxuntivo de *ser* ten como raíz *se*: *sea*, *sean*.

Haber ten no tema de pretérito unha raíz de uso maioritario *houb-* e outra máis esporádica *hub-* (vgr. «hubo unha época, había acá un salón...»).

Documéntanse perdas de vogal temática no pospretérito (vgr. «habría»).

Ter e *estar* presentan as raíces *tuv-/tiv-* e *estuv-/estiv-* no tema de pretérito como acontece en moitos puntos de Galicia. Os chamados radicais castellanizados teñen moito máis uso (vgr. «tuvo, estuvieron»). Nalgún caso prescínlese da nasal final (vgr. «tuve dous fillos»).

³ *Careta* dise da persoa que actúa finxindo pensamentos ou sentimentos que non ten. Tamén se aplica a persoas sen vergoña, descaradas e insolentes (cfr. Haensch&Werner, 2000: 141).

Manter mostra no infinitivo esporadicamente a solución *manteñer* por ultracorrección a partir do castelán *mantener* (vgr. «manteñerse no poder»).

Volver ten no pretérito vogal temática *e*, esporadicamente *i* (vgr. «volvimos»).

No copretérito a desinencia modo-temporal é *ba* (vgr. «iba, íbamos»).

Estar rexistrouse cunha desinencia modo-temporal *e* no presente de subxuntivo, non apareceu nunca *este-a* (vgr. «que estén como oíntes»).

No canto das formas simples ou das correspondentes perífrases galegas pódense escoitar formas compostas, resultados co verbo *haber* como auxiliar, que responden a interferencias da morfoloxía verbal do castelán tanto europeo coma americano. Xeralmente aparecen en lugar das formas galegas en *-ra*, *-ría*, do pretérito ou dunha perífrase con *ter* + *participio*:

Había personas que xa habían tomado conciencia.
Habían tido algunha actuación.

Despois da guerra estábamos ben, nós habíamos estudiado, alugamos un piso.

Miña nai había tido tres operacións e nas tres nos dixo o mesmo, que quería ver a seus pais e seus irmaus.

Hai elementos extraños que se han enquistado.

Cando foi meu pai xa as pesetas habíanse perdido.

Probablemente habrán creído que os galegos non envellecían.

Dentro dos adverbios destaca a forma *acá* que ten máis empregos ca no galego peninsular. Úsase con verbos de movemento e con significados máis ou menos puntuais. Isto débese á influencia do castelán arxentino que a utiliza máis a miúdo cá forma *aquí*:

Reclamounos e viñemos pa acá.
Daquela había moito traballo acá.
Ahora somos de aquí, temos que vivir acá.

Os adverbios de lugar relativos amosan ocasionalmente a variante alongada con *a-* para as formas *dentro* e *fóra* cando van seguidas de preposición (vgr. «Lugo estaba adentro da muralla, agora Lugo está afora da muralla»). Estas solucións con *a-*, que se poden escoitar en distintos puntos de

toda Galicia, son tamén características do español de América.

A forma *arrededor* tomada do castelán é a que máis documentamos nas entrevistas de Buenos Aires xunto a *arredor*.

Os adverbios de tempo relativos presentan na fala o resultado do castelán *todavía* alternando no uso con *aínda*.

3.5.5. No plano da sintaxe, en primeiro lugar destacámos los casos de presenza/ausencia de artigo determinado diante de adxectivo posesivo con nomes de parentesco moi próximo, en liña ascendente ou paralela (Álvarez & Xove, 2002: 477)

meu papá morreu no cuarenta e nove, cando morreu meu papá meu irmao déuselle por vir pa aquí, depois quedábamos miña mamá e eu soa.
Un ermao de miña mamá.

En relación cos usos do pronome persoal, rexístranse problemas que atinxen a cuestións coma o voseo —característico do castelán de Arxentina⁴—, o emprego dos reflexivos e da forma *se*. Exemplos:

Vos gardabas hoxe e mañá sacábanche catro ceiros ó peso.
Vos estasnos fasendo traballar.
...así que mirá cómo se foi un pa baixo.

Na Arxentina úsanse co suxeito *vos* tres tipos de formas verbais: as do singular; as do plural que poden ser tomadas do castelán actual —vgr. *vos estáis*— ou seren formas arcaicas co moderno ditongo da última sílaba reducido —*vos estás*— ou sen o *-d* final —*mirá vos*—. Por último, tamén se empregan formas antigas que se poden considerar quer formas simplificadas quer formas do singular —*vos guardabas/guardabais*—.

A forma *ustedes*, morfoloxicamente é un castellanismo introducido na fala dos galegos de Buenos Aires, como tamén ocorre no galego europeo, pero o uso é distinto. Esta forma de respecto substitúe no castelán de América a de familiaridade *vosotros* —xa desaparecida—, asemade a forma verbal correspondente pasa da segunda á terceira persoa de

⁴ A diferenza da valoración subestándar que o voseo ten noutros países de fala hispana, na Arxentina goza de total aceptación. Interesa pola súa historia e a súa complexidade e aínda hoxe é obxecto de discusión. Existen tamén factores sociopragmáticos que actuaron e seguen a actuar, modificando e ampliando o campo do seu uso comunicativo (Boretti de la Macchia, 1996).

plural. A partir de aquí penetra na fala dos inmigrantes que empregan nun contexto familiar *ustedes estaban* no canto de *vos estabades*.

Para os usos de *se* e dos reflexivos destacamos seguintes exemplos:

Para que chegado o momento que usted se enferma que o atendan con dignidá.

Levámonos un susto bárbaro porque o coche estaba sin freos.

No primeiro exemplo *enfermar* aparece utilizado co clítico *se*⁵, sen embargo en galego este verbo non admite a construción pronominal. Algo parecido acontece con *levar* que se usa aquí co clítico *nos* mais complemento directo.

Danse tamén certos empregos da forma *te por che* (vgr. por eso te digo que non todos son...).

Se nos referimos ás construcións con adverbios, debemos destacar o uso particular de determinadas formas, como son *recién* e *lindo*. Vemos que por influxo da fala porteña úsase o adxectivo *lindo* funcionando como un adverbio (vgr. «O viaxe foi lindo, tuvemos lindo»). *Recién* aparece modificando un verbo en forma persoal, cando xeralmente modifica un participio. Neste contexto adquire o significado de *só, soamente, unicamente*. É un castelanismo característico da fala porteña e introducido na lingua dos inmigrantes galegos (vgr. «había baile parecido a alí, con gaitas, con orquesta, con todo eso, pero nós non fomos a elas, recién fomos de grandes»).

Outras construcións de uso frecuente son as subordinadas completivas introducidas polo nexos *como que* (vgr. «meu marido, a familia é de aí e a irmá del respondeu como que nos acollía a seis persoas»). A presenza de *como* precedendo a *que* dálle á oración un contido de incerteza e inseguridade. Con *que* o falante entende que a *irmá* efectivamente acollerá a seis persoas. Con *como que* o falante entende que a *irmá* acollerá a seis persoas, pero non está totalmente seguro de que así sexa. Compárense as dúas: «a irmá del respondeu que nos acollía a seis persoas / a irmá del respondeu como que nos acollía a seis persoas».

Nunha liña parecida están os seguintes exemplos en que a locución ten un sentido de probabi-

lidade, de inseguridade no que se di, por veces equivalente a *parece que*. A presenza de *que* proporciónalle á construción un valor distinto do que lle proporciona *como* só. Sintacticamente este *que* introduce un novo predicado, núcleo dunha oración. Ás veces existe un sentido modal ó que alude *como*. *Como* nestas construcións refírese tanto á expresión anterior como á oración introducida por *que*. Se ben non é característica do galego, trátase dunha locución que está bastante estendida no castelán da Arxentina e no de América.

Ese home tuvo esa idea e como que os orientaba aí.

Eu cando volví estiven vinteseis anos sin ir, vinteseis anos e como que eu acordábame de todo, de antes, e a xente que estaba alí era como que se había olvidado de todo

Cando éramos pequenas si, pero despois xa cando eu me acordo era como que non había tanto medo.

Vemos polo tanto que no galego dos inmigrantes de Buenos Aires detéctanse tanto interferencias que proceden do castelán de Europa, a fala que os emigrantes levaron a América xa ía contaminada e como tal así se mantén, coma interferencias do castelán riopratense, que impregna o galego dos inmigrantes de novos termos, usos e expresións, que contribúen á progresiva substitución e desprazamento do galego.

4. CONCLUSIÓN

Mostramos unha pequena fotografía do que foi e do que segue a ser a realidade do galego en Buenos Aires, analizando unha serie de factores internos e externos, que son causa do desprazamento da lingua galega na colectividade de inmigrantes procedente de Galicia. A pesar da forza numérica que chegou a acadar esta comunidade, o idioma propio de Galicia non é a primeira lingua de interacción comunicativa entre eles nin entre os seus fillos, que na maioría dos casos non asumen o papel de mediadores lingüísticos e culturais das dúas xeracións.

⁵ Kany Ch. E. (1969: 232) sostén que o resultado *enfermarse* é moi empregado no castelán de América. Cabe pensar que partindo dese abundante emprego se introduza na fala dos inmigrantes galegos. Segundo Kany *enfermarse* formouse por analoxía con palabras emparentadas como *curarse, resfriarse, constiparse*...

5. REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- ÁLVAREZ, R. & XOVE, X. (2002): *Gramática da lingua galega*. Vigo: Galaxia.
- AZURMENDI, M. J. (2000): *Psicosociolingüística*. Bilbao: Euskal Herriko Unibertsitatea.
- BORETTI de la Macchia, S. (1996): «Aspectos de la interacción verbal en La Argentina». In T. Kotschi & W. Oesterreicher & K. Zimmermann (eds), *El español hablado y la cultura oral en España e Hispanoamérica*. Madrid: Iberoamericana.
- BOUTET, J. (2001): «La part langagière du travail». *Langage & Société*, n.º 98, pp. 17-42.
- CABALEIRO GOÁS, M. (1997): *Síndromes psicopatológicas condicionadas pola inmigración e emigración*. Santiago de Compostela.
- EDWARDS, J. (1994): *Multilingualism*. London & New York: Routledge.
- FISHMAN, J. (1991): *Reversing de language shift*. Clevedon: Multilingual matters.
- FONTANELLA DE WEINBERG, M. B. (1996): «Contacto lingüístico: lenguas inmigratorias». *Signo & Seña*, n.º 6, pp. 437-457.
- GANS, H. M. (1979): «Symbolic ethnicity: the future of ethnics groups and cultures in America», *Ethnic and racial studies*, n.º 2, pp. 1-20.
- GUGENBERGER, E. (2001): «A morriña ou a ilusión de volver á terra: algunhas observacións acerca da relación dos inmigrantes galegos coa lingua e a terra nai». In D. Kremer (ed.), *Actas do VI Congreso internacional de estudos galegos*. Galicien-Zentrum der Universität Trier: edición do Castro, Tomo II, pp. 809-823.
- GUGENBERGER, E. & SOTO ANDIÓN, X. (en prensa): «Aspectos lingüísticos e sociolingüísticos do contacto entre galego e castelán en Buenos Aires», *Estudios Migratorios*, n.º 13. Consello da Cultura Galega: Arquivo da Emigración Galega.
- HAENSCH, G. & WERNER, R. (2000): *Diccionario del español de Argentina*. Madrid: Gredos.
- KANY Ch. E. (1969): *Sintaxis hispanoamericana*. Madrid: Gredos.
- LABRIE, N. (2002): «stratégies politiques de reproduction sociale pour les communautés de langues minoritaires», *Sociolinguistica*, n.º 16. Tübingen: Max Niemeyer Verlag, pp. 14-22.
- LECONTE, F. (1997): *La famille et les langues*. París: L'Harmattan.
- LIEBKIND, K. (1999): «Social psychology». In J. Fishman (ed.), *Handbook of language & ethnic identity*. Oxford: Oxford University Press, pp. 140-151.
- MARIÑO, R. (1998): *Historia da lingua galega*. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco.
- MUYSKEN, P. (2000): *Bilingual speech. A tipology of code-mixing*. Cambridge: Cambridge University Press.
- NELDE, P. H. (1997): «Language conflict». In F. Coulmas (ed.), *The handbook of sociolinguistics*. Oxford: Blackwell Publishers Ltd., pp. 285-300.
- NÚÑEZ SEIXAS, X. (ed.) (2001): *La Galicia austral. La inmigración gallega en la Argentina*. Buenos Aires: Biblos.
- SIGUAN, M. (2001): *Bilingüismo y lenguas en contacto*. Madrid: Alianza.
- SOTO ANDIÓN, X. (1999): «O galego de Bos Aires: problemas de sintaxe». In D. Kremer (ed.), *Actas do V Congreso internacional de estudos galegos*. Galicien-Zentrum der Universität Trier: edición do Castro, Tomo II, 867-916.
- THOMASON, S. G. & KAUFMANN, T. (1991): *Language contact, creolization and genetic linguistics*. Berkeley: University of California Press.